



Deputación  
DA CORUÑA

Nº 18  
25/10/2017

# Boletín de Medio Ambiente



## Miradoiro da Cuota

**Concello:** Pobra de Caramiñal

**Características:** é un dos miradoiros coas mellores vistas da zona: desde el pódense ver anacos de catro rías (Vigo, Pontevedra, Arousa e Muros e Noia). Así como as illas Cíes, Ons ou Salvora e xa ao fondo de todo o monte Tecla na Guarda. Mirando cara ao mar pódese ver desde as alturas Corrubedo e o seu impresionante complexo dunar, ademais das costas de Porto do Son.

**Curiosidades:** para os que son máis atrevidos, pódese subir aos repetidores que hai máis arriba, así se chega a un bosque con cabalos salvaxes e vacas e posteriormente atópase o parque eólico.

## Noticias

### España únese á campaña Mares Limpos da ONU

España anunciou o 18 de outubro que se sumaba á campaña Mares Limpos do Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente.

É coñecido que o plástico é causa importante de danos ambientais e problemas de saúde: mata aves, peces e outros animais que o confunden con alimento e prexudica os destinos turísticos e a pesca, advirte a ONU.

Con todo, o uso de plástico segue crescendo. Cada ano, 8 millóns de toneladas son arroxadas aos océanos. Gran parte deste desperdicio son plásticos desechables e microplásticos. Si mantemos o ritmo actual, para 2050 haberá máis plástico que peixes nos océanos, insisten desde a ONU.

### Laboratorios naturais

A Organización FSC España, co apoio do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente a través da Fundación Biodiversidade, levará a cabo un proxecto que avaliará os impactos ambientais do cambio climático e a vulnerabilidade dos piñeirais españois e buscará as posibles opcións para mellorar a súa adaptabilidade a este fenómeno.

O proxecto, que entra dentro do Plan de Impulso ao Medio Ambiente para a Adaptación ao Cambio Climático en España, será executado durante un ano en 3 bosques peninsulares: os bosques de Valsain en Segovia, Cazorla en Xaén e Barrantes en Pontevedra.

Fonte: La Opinión de Coruña



## Crean un sistema que predí a expansión da vespa velutina

Un equipo de investigadores da Universidade de Santiago de Compostela, financiado pola Deputación da Coruña, desenvolve un estudo sobre novos métodos de erradicación da vespa velutina.

O equipo multidisciplinar de investigadores está a traballar en catro liñas de investigación diferentes. A primeira destas liñas é o desenvolvemento dun novo biocida que poida atallar a expansión das avespas asiáticas de forma ambientalmente segura, as probas experimentais do biocida estanse a levar a cabo na Facultade de Veterinaria, no Campus de Lugo.

Por outra banda, estase estudando a posibilidade de localizar un parasito autóctono que afecte exclusivamente ás velutinas, sen risco para a abella común galega que é unha especie moi sensible.

Outra das liñas de investigación consiste na análise da distribución xeográfica actual das vespas asiáticas, e o desenvolvemento dun modelo matemático, con base en cincuenta variables ambientais, que é capaz de predicir con grande exactitude a evolución das colonias. Para facilitar a súa visualización, toda esta información plasmarase en mapas, que estarán dispoñibles nunha páxina web e poderán ser consultados libremente.

Xa por último, a última liña analiza o impacto socioeconómico que está a ter a presenza da especie no territorio galego. Trátase do primeiro estudo de estas características que se realiza en Europa, e que ten unha importante complexidade debido a que afecta a numerosos aspectos.

Fonte: Deputación da Coruña

## Nicaragua únese ao Acordo de Paris

Nicaragua, que se negou o pasado ano a asinar o Acordo de Paris xa que consideraba que non recollía suficientes obrigacións para os países ricos e que non era o suficientemente ambicioso canto aos seus obxectivos, finalmente decidiu asinalo.

O estado de Nicaragua non ten reservas de petróleo e persegue o fomento e uso de enerxías renovables, máis do 50% da súa enerxía provén de enerxía xeotérmica, eólica, solar, biomasa e marítima. Ademais é un país con grandes riscos de sufrir os efectos do cambio climático.

A decisión de asinar o acordo por parte do país nicaraguano supón que Estados Unidos e Siria son os únicos países que quedan fóra do acordo.

Fonte: BBC

## Sabías que...

A NASA atopou a mellor planta para purificar o teu fogar?

Trátase do “*potus*”, planta nativa do sueste asiático, pode rubir polas ramas de árbores ata 20 metros de altura. As súas follas son perennes e pode atoparse en distintas variedades: con follas verdes claras, verdes escuras ou manchadas de branco e amarelo. Actúa sobre a contaminación ambiental en interiores eliminando tres elementos tóxicos (o formaldehído, o xileno e o benceno) que poden estar presentes na atmosfera e ser moi prexudiciais para a saúde.



# Boas Prácticas

## Bicis para converter o lixo en aboamento

Polas rúas de Nantes (Francia), un grupo de ciclistas pásase recollendo o lixo orgánico que xeran os restaurantes da urbe. Despois, transforman estas cascas, follas, restos de café e peladuras en compost que destinan a espazos verdes urbanos. Así actúa *La Tricyclerie*, unha iniciativa impulsada por *Coline Billon*, enxeñeira en xestión ambiental de 26 anos, que foi nomeada polo Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente ao galardón *Young Champion of the Earth*, dotado de 15.000 dólares para cada un dos seis gañadores e outorgado a mozos que impulsan solucións novas en materia ambiental.

Fonte: El País

## Doazón de alimentos para as protectoras de animais

A Rede de Solidariedade Popular recolleu en tan só un día case dúas toneladas de alimentos e material que destinará a cubrir as necesidades das protectoras de animais afectadas polo fume dos incendios forestais. Aínda que esta non é a única iniciativa para axudar ás mascotas, o club de pádel organizou un torneo cuxa recadación irá destinada a comprar alimentos.

Entre os centros máis afectados está o de Os Biosbardos de Pontearreas. Ao cal, chegoulle axuda de numerosas partes de España, así como de veterinarios e outros colectivos.

Fonte: La Voz de Galicia

## Peaxe a coches contaminantes en Londres

O 23 de Outubro a cidade de Londres comezou a cobrar unha peaxe aos coches máis contaminantes, vehículos de gasolina e diésel, matriculados antes do ano 2006. O "T-Charge", nome co que se lle denomina, supón o pago dunha taxa de 11,20€ por vehículo para poder circular polo centro da cidade.

Esta taxa únese á denominada "peaxe de conxestión" que leva en vigor desde o ano 2003 e que supón o pago de 12,89€ para poder circular no centro urbano. O imposto é unha das primeiras medidas implantadas polo concello da cidade para a creación da futura zona de emisións ultrabaixas antes do 2020.

Fonte: El Mundo

## Axenda Ambiental

- 25/10/2017 – 26/10/2017 V Xornadas de Enxeñería da Auga JIA 2017. A Coruña.
- 1/11/2017 VIDEOSFERA 2017 Concurso de videos en Reservas da Biosfera.
- 1/11/2017 V Edición do Concurso de Fotografía Upcycling.

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: [desenvolvemento.territorial@dacoruna.gal](mailto:desenvolvemento.territorial@dacoruna.gal)